

**LATÍN**

**1. Traduce UN dos seguintes textos / Traduce uno de los siguientes textos (6 PUNTOS):**

**OPCIÓN A:**

TEXTO A:

*Os cónsules romanos conquistan algunhas cidades en África, pero ante algúns desastres teñen que desistir/  
Los cónsules romanos conquistan algunas ciudades en África, pero ante algunos desastres tienen que desistir.*

Servilius et Sempronius consules cum ducentis sexaginta navibus ad Africam profecti sunt. Aliquot civitates ceperunt. Praedam ingentem reducentes naufragium passi sunt. Itaque cum continuae calamitates Romanis displicerent, decrevit senatus ut a maritimis proeliis recederetur.

**2. GRAMÁTICA (1 punto) : Analiza morfosintacticamente o texto subliñado/ Analiza morfosintacticamente el texto subrayado**

**OPCIÓN B:**

TEXTO B:

*Unha filla fea e un fillo guapo míranse no espello / Una hija fea y un hijo guapo se miran en el espejo*

Habebat quidam filiam turpissimam  
Idemque insignem pulchra facie filium.  
Pueriliter ludentes forte inspexerunt speculum.  
Hic se formosum iactat: illa irascitur

**2. GRAMÁTICA (1 punto): Analiza os pronomes deste texto / Analiza los pronombres de este texto**

**3. LITERATURA LATINA. Elix unha das dúas cuestións/ Elija una de las dos cuestiones (1.5 Puntos)**

1. Tito Livio no marco da historiografía romana/ Tito Livio en el marco de la historiografía romana.
2. Cicerón e a oratoria / Cicerón y la oratoria.

**4. CUESTIÓNS DO MUNDO CLÁSICO (0.75 puntos cada unha)**

*Elix dúas preguntas entre as catro seguintes / Elige dos preguntas entre las cuatro siguientes*

- 1.- Elix tres destas expresións e constrúe tres frases con elas / Elige tres de estas expresiones y construye tres frases con ellas: **ad Kalendas Graecas; ipso facto; tu Gaius, ego Gaia; nasciturus; deo adiuvante**
- 2.- Cita as tres cidades que na Gallaecia romana levaban o nome de Augusto / Cita las tres ciudades que en la Gallaecia romana llevaban el nombre de Augusto
- 3.- Escribe cinco palabras co prefixo *sub-* e explica o seu significado / Escribe cinco palabras con el prefijo *sub-* y explica su significado
4. Explica o significado destes tres topónimos/ Explica el significado de estos tres topónimos: **Caldas, Ourense, Fonsagrada.**

**LATÍN**

**1. Traduce UN dos seguintes textos / Traduce uno de los siguientes textos (6 PUNTOS):**

**OPCIÓN A:**

**TEXTO A:** *Descrición de Nerón / Descripción de Nerón*

Successit huic Nero, Caligulae, avunculo suo, simillimus, qui Romanum imperium et deformavit et diminuit, inusitatae luxuriae sumptuumque<sup>1</sup>, ut qui exemplo Caligulae in calidis et frigidis lavaret unguentis, retibus aureis piscaretur, quae blattinis<sup>2</sup> funibus extrahebat. In finitam senatus partem interfecit, bonis omnibus hostis fuit.

<sup>1</sup>*Sumptus –us: gasto, dispendio; <sup>2</sup>Blattinus –a –um: de cor púrpura / de color púrpura.*

**2. GRAMÁTICA (1 punto) : Explica o sintagma subliñado no texto / Explica el sintagma señalado en el texto.**

**OPCIÓN B:**

**TEXTO B:** *Unha mosca pica a cabeza dun calvo / Una mosca pica la cabeza de un calvo*

Calvi momordit musca nudatum caput;  
Quam opprimere captans alapam<sup>1</sup> sibi duxit gravem.  
Tunc illa irridens: “Punctum<sup>2</sup> volucris parvulae  
Voluisti morte ulcisci; quid facies tibi,  
Iniuriae qui addideris contumeliam?”

<sup>1</sup>*Alapa –ae: lapada / bofetada; <sup>2</sup>Punctum –i: picada, picadura / picotazo, pinchazo*

**2. GRAMÁTICA (1 punto): Explica morfosintacticamente o texto subliñado / Explica morfosintacticamente el texto subrayado.**

**3. LITERATURA LATINA: (1.5 Puntos). Elix a unha das dúas cuestións/ Elija una de las dos cuestiones.**

1. Horacio como poeta lírico.
2. Tito Livio e a historiografía romana / Tito Livio y la historiografía romana.

**4. CUESTIONES DO MUNDO CLÁSICO (0.75 puntos cada unha)**

*Elix dúas preguntas entre as catro seguintes / Elige dos preguntas entre las cuatro siguientes.*

1.- Completa cada frase cunha das locucións seguintes / Completa cada frase con una de las locuciones siguientes:

Locucións / locuciones latinas: **sine die, superavit, modus operandi, ultimum, verbi gratia, in extremis, numerus clausus, per capita.**

O xefe dos ladróns deu un \_\_\_\_\_ á policía / El jefe de los ladrones dio un \_\_\_\_\_ a la policía.

A renda \_\_\_\_\_ diminuíu nos últimos anos./ La renta \_\_\_\_\_ ha disminuido en los últimos años.

A decisión do consello da empresa foi tomada \_\_\_\_\_./La decisión del consejo de la empresa fue tomada \_\_\_\_\_.

2.- Explica moi brevemente qué son os seguintes lugares e monumentos da *Gallaecia* romana / Explica muy brevemente qué son los siguientes lugares y monumentos de la *Gallaecia* romana:  
**Torre de Hércules, As Médulas, Termas de Lugo.**

3.- Subliña o prefixo latino e di qué expresa nas seguintes palabras/ Subraya el prefijo latino y di qué expresa en las siguientes palabras: **submarino, retrotraer, semibaleiro / semivacío.**

4. Explica o significado de tres destes topónimos de orixe vexetal / Explica el significado de tres de estos topónimos de origen vegetal : **Filgueira, Ortigueira, Xestoso, Reboredo, Louredo, Nogueira.**

# **Criterios de Avaliación / Corrección**

## **CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO**

A proba de latín componse dunha Opción A e unha Opción B en canto a texto latino para traducir e unha cuestión gramatical sobre ese texto, e ademais dunha cuestión de literatura latina e catro preguntas formuladas sobre o mundo clásico das que o/a alumno/a debe elixir dúas, como figura indicado no propio exame.

A puntuación sobre 10 puntos distribúese do seguinte xeito

1. Texto de tradución ata un máximo de 6 puntos
2. Cuestión gramatical, ata 1 punto
3. Cuestión de literatura, ata 1.5 puntos
4. Cuestión do mundo clásico, ata 1.5 puntos

## CONVOCATORIA DE XUÑO

### Tradución prosa:

Os cónsules Servilio e Sempronio marcharon a África con duascenas sesenta naves. Tomaron algunhas cidades. Ao regresar cun enorme botín sufriron un naufraxio. Así pois, ao desgustar aos romanos as continuas calamidades, o senado decretou que se interrompesen os combates navais.

### Comentario morfosintáctico:

En conxunto é unha oración subordinada de “cum histórico” ou **cum** temporal-causal, introducida pola conxunción **cum** e co verbo en pretérito imperfecto de subxuntivo.

**Itaque:** conxunción; así pois.

**cum:** conxunción que introduce unha oración de “cum histórico” ou cum temporal-causal.

**continuare:** adxectivo, continuus, -a, -um; nominativo plural; suxeito.

**calamitates:** substantivo; calamitas, -atis f.; nominativo plural; suxeito.

**Romanis:** dativo plural; complemento indirecto.

**displicerent:** 3ª persoa plural do pretérito imperfecto de subxuntivo do verbo displiceo.

### Tradución poesía:

*Unha mesma persoa tiña unha filla moi fea e tamén un fillo singular pola beleza do seu rostro. Estes, xogando coma fan os nenos, víronse por casualidade nun espello. El gábase da súa beleza; ela anóxase.*

### Gramática.

**Quidam** : Pronome indefinido, nom. sg. masculino (suxeito).

**Idem-que.- Idem** : Pronome composto do fórico **is+dem** que engade a énfase de *identidade*, nom. sg. masculino (suxeito)

**Hic** : Pronome demostrativo, nom. sg. masculino (suxeito).

**Se** : Pronome reflexivo, ac. sg. (obx. directo).

**Illa** : Pronome demostrativo, nom. sg. feminino (suxeito).

## LITERATURA LATINA

### 1. Tito Livio no marco da historiografía romana

*Ab Urbe condita*, formada en orixe por 142 libros, é a grande obra de Livio. Só conservamos os libros do 1 ó 10 e do 21 ó 45, agrupados tradicionalmente en “décadas”, grupos de 10 libros, agrupados á súa vez en conxuntos de 15 libros. Os libros 1 ó 15 contan os sucesos dende a fundación da cidade, pasando polo período republicano ata o 293 a.C. cando aconteceu a incursión dos galos. Os libros 16 a 30 narraban as Guerras Púnicas e os libros do 31 ó 45 relataban as Guerras Macedonias ata a batalla de Pidna.

O **propósito** da obra histórica de Livio é a interpretación dos feitos históricos dende o estudo atento da vida, costumes e homes de épocas pasadas, que serán modelos a imitar.

Encaixou ben no **programa de Augusto**, inda que non estivo animado por razóns políticas. En efecto, participa das preocupacións contemporáneas comúns como a estabilidade, a paz e o retorno ós *mores maiorum* como salvación dun estado enfermo.

O interese polos individuos e polos feitos concretos condicionou a súa **técnica**. Non consultou exhaustivamente as fontes, porque o seu interese non era recompilar material, como os seus predecesores, senón a creación literaria. Ademais, como os seus contemporáneos, foi educado amplamente na retórica polo que é innegable a súa base.

*Ab Urbe condita* supuxo un avance con respecto á historiografía precedente pero tamén é debedora dos **anales** e das **crónicas**, recollendo como neses xéneros os acontecementos anuais e os episodios protagonizados por romanos destacados. Non obstante, para Livio a historia era algo máis, tratábase dun **retrato psicolóxico**, e debe salientarse a análise emocional dos participantes. Livio dedica moita atención ós detalles e á estrutura episódica.

O feito de non participar activamente na política, como os seus predecesores Fabio Píctor, Catón ou Salustio, vetoulle algo o acceso á documentación pública e tamén lle provocou o descoñecemento do funcionamento do goberno romano, pero a cambio permitiulle non buscar explicacións históricas mediatizadas polos feitos políticos e ver a historia como unha historia de feitos persoais e morais.

### 2. Cicerón e a oratoria

A estrela do xénero oratorio da época republicana é Marco Tulio Cicerón. Cultivou o xénero literario como teórico pero tamén exerceu a práctica forense.

#### a) Discursos

Consérvanse 57 discursos e coñécese a existencia doutros 30. Poden clasificarse en forenses (*ad iudices*) pronunciados nos tribunais e políticos (*ad Quirites et patres conscriptos*), pronunciados no Senado.

1. Entre os seus discursos forenses de natureza civil salientamos pezas como *Pro Sextio Roscio Amerino*, onde venceu a Hortensio, o orador máis destacado do momento. Unha magnífica mostra da “humanitas” ciceroniana é *Pro Arquia poeta* sobre o dereito de cidadanía e eloxio das letras.

Entre as causas penais brillan con luz propia as *Verrinae*, un proceso que se presentaba difícil porque era a primeira vez que unha provincia, case unanimemente se querelaba contra un pretor de

## Exemplos de resposta / Solucións

Roma por un feito de concusión. Novamente o rival foi Hortensio.

*Pro Milone*, obra mestre da oratoria ciceroniana, defende a Milón, acusado de matar a Clodio, o protexido de César. En realidade, xulgábase o enfrontamento de populares e conservadores.

2. Os discursos máis famosos de Cicerón están no apartado político

*Catilinarias*. Poucos sucesos aparecen tan ben documentados como o fallido golpe de estado protagonizado por Catilina no 63, grazas sobre todo ó historiador Salustio (*De coniuratione Catilinae*) e ó propio Cicerón. Estes testemuñas constitúen un excelente punto de referencia para valorar as tensións políticas e sociais nas que se viron envoltos os últimos anos da República

*Filípicas*. Reciben este nome en recordo dos discursos que pronunciou Demóstenes contra Filipo de Macedonia. Estas van dirixidas contra Antonio, tras o asasinato de César. Son en total 14 discursos cos que firmou a súa pena de morte.

### b) Obras teóricas

Os piares básicos da elocuencia son para Cicerón: *ingenium*, *usus* e *ars*. Partindo disto, Cicerón valora a importancia da “cultura xeral” e os coñecementos proveitosos de Historia e Filosofía, asociados ós xurídicos.

Como obra de xuventude é mester destacar o tratado *De inventione*, que se limita a repetir en forma de tratado escolar as normas xa consagradas dende a retórica grega.

*De Oratore* (3 libros) Comunga os valores da razón e a palabra para dominar os artificios do discurso. Está escrito en forma de diálogo entre Cicerón e os seus predecesores e mestres, Marco Antonio e Craso. Expoñía os seus puntos de vista acerca da formación do orador, fundada en dons naturais e coñecementos adquiridos (filosofía, historia, xurisprudencia). Explicaba como deben adaptarse as normas tradicionais acerca da invención e da proporción e cales son os segredos esenciais do estilo e da *actio*.

*Brutus (sive de claris oratoribus)* é unha historia da elocuencia romana ata a súa persoa, en forma de diálogo figurado entre Bruto, Ático e o propio Cicerón.

*Orator* (ad M. Brutum), dedicado a Bruto, é o seu retrato do “*orator optimus*” e da súa teoría dos estilos.

### c) Cicerón orador

Cicerón defende que a finalidade do discurso é convencer. Polo tanto debe ser eficaz, e entón é incuestionable a importancia da *elocutio*.

Esíxese ademais a loita real, forense, e non a escolar, ficticia. Ó orador suporánselle e esixiránselle os coñecementos das paixóns humanas, a historia, as leis e a filosofía.

Como orador real adoitamos encadrar a Cicerón na escola chamada “*rodia*”, que supón o equilibrio entre a escola asianista (con primacía da forma sobre o contido, de estilo ampuloso e afectado) e a escola aticista (con primacía do contido sobre a forma, de estilo máis equilibrado e sobrio)

### CUESTIÓNS DO MUNDO CLÁSICO

1.- Elixe tres destas expresións e constrúe tres frases con elas:

**ad Kalendas Graecas:** Non teñas presa, que a festa pasou *ad kalendas graecas*

**ipso facto:** Fai os deberes, vai ao supermercado e volve a casa *ipso facto*

**tu Gaius, ego Gaia:** Alí onde ti sexas meu marido, eu serei a túa muller

**nasciturus:** Aínda estando embarazada, fumaba como unha loca, sen pensar no *nasciturus*

**deo adiuvante:** Arrimando o ombreiro e *Deo adiuvante* quizás superemos a crise.

2.- Cita as tres cidades que na *Gallaecia* romana levaban o nome de Augusto

**Lucus Augusti** (Lugo)

**Bracara Augusta** (Braga, Portugal)

**Asturica Augusta** (Astorga)

3.- Escribe cinco palabras co prefixo *sub-* e explica o seu significado

**subalterno:** algo ou alguén que está por debaixo dunha cousa o persoa

**subcutáneo:** o que está inmediatamente por debaixo de la pel

**submarino:** o que está, ou se fai, baixo a superficie do mar

**subnormal:** o que está por debaixo do que se considera normal

**subrayar/subraiar:** marcar poñendo unha raia por debaixo dunha palabra ou frase que interesa; de aí “acentuar” o “destacar” algo

4. Explica o significado destes tres topónimos:

**Caldas:** calquera vila na que haxa fontes termais (por *aquae calidae*)

**Ourense:** cidade na que adoitaban atoparse pedriñas de ouro no leito do Miño, aínda que hai outras interpretacións.

**Fonsagrada:** lugar da provincia de Lugo na que houbo unha fonte considerada sagrada



## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

### Tradución prosa:

A este sucedeu Nerón, moi semellante ao seu tío Calígula, quen deshonrou e empobreceu o Imperio Romano, dun inusitado afán de luxo e gasto, posto que seguindo o exemplo de Calígula lavábase en perfumes quentes e fríos, pescaba con redes de ouro que sacaba con cordas de cor púrpura. Asasinou a gran parte do senado, foi inimigo de todos os homes bos.

### Gramática:

**sucesit:** 3ª persoa singular pretérito perfecto de indicativo do verbo succedo.

**huic:** dativo singular masculino de hic, haec, hoc; complemento indirecto.

**Nero:** nominativo singular de Nero, Neronis; suxeito.

**Caligulae avunculo suo:** dativos singulares dependentes do adxectivo simillimus.

**simillimus:** superlativo do adxectivo similis, -e; nominativo singular. Modificador de Nero.

**qui:** pronome relativo; nominativo singular. O

seu antecedente é Nero. Introduce unha oración subordinada de relativo

**Romanum imperium:** complemento directo.

**Romanum:** adxectivo en acusativo singular. Modifica a imperium.

**imperium:** substantivo en acusativo singular.

**et...et:** conxuncións copulativas. Para a tradución pode omitirse a primeira ou traducir “non só...senón tamén”.

**deformavit:** 3ª persoa singular pretérito perfecto de indicativo do verbo deformato.

**diminuit:** 3ª persoa singular do pretérito perfecto de indicativo do verbo deminuo

### Traducción poesía:

*Unha mosca picou a cabeza sen pelo dun calvo; este, ao intentar matala, deuse unha boa lapada: Entón ela, ríndose, dixo: “Quixeches vingar coa morte un picotazo dun pequeno voador; ¿que vas a facer contigo que ao meu dano engadicheslle a túa afronta?”*

### Gramática

| (Tu)        | voluisti | ulcisci                         | punctum                        | volucris                                      | parvulae | morte         |
|-------------|----------|---------------------------------|--------------------------------|---|----------|---------------|
| (Implicito) | Verbo    | Inf. pres. v. depoñente         | Acus. sg.                      | Xen. sg.                                      |          | Abl. sg.      |
| Suxeito     | PV       | Obx. directo de <b>voluisti</b> | Obx. directo de <b>ulcisci</b> | Comp. do nome (modificador) de <b>punctum</b> |          | Abl. de medio |

## LITERATURA LATINA

### 1. Tito Livio e a historiografía romana

A historiografía comezou en Roma no último terzo do s. III a. de C. con obras que relataban os feitos acontecidos ano por ano á maneira dos rexistros oficiais. Por isto os primeiros historiadores reciben o nome de “analistas”. O seu nacemento está vencellado á situación política do momento. A recente vitoria sobre os cartaxineses e a ocupación de territorios de cultura grega sublima o sentimento patriótico romano, de tal maneira que ven razoable e necesario dar a coñecer os motivos dos seus éxitos: a súa rancia linaxe e os valores dos seus antepasados. A propaganda destas ideas tense que facer na lingua que é maioritaria nestes territorios, por iso os primeiros historiadores, como Q. Fabio Pictor, escribiron sobre a historia romana en lingua grega, que era ademais considerada a lingua da cultura.

Avanzado o s. II os territorios gregos seguían caendo baixo o dominio romano e a admiración por todo o grego medraba ao mesmo ritmo. Este filohelenismo que parece ameazar a esencia romana preocupa a algúns como Catón que coa súa obra *Origines* inaugura a historiografía romana escrita en latín.

A comezos do s. I a. C obsérvase un cambio na actitude do historiador: xa non se trata dun cronista de feitos sucesivos, senón dun creador preocupado pola elaboración artística da narración histórica; velaí a súa consideración como un xénero literario máis. Destacan varios autores, como Cesar, que sen ser *stricto sensu* historiador, cos seus *Commentarii* sobre as súas fazañas militares, acada un lugar para sempre entre os mellores do xénero; ou Salustio, coas monografías *Bellum Iugurthinum* e *Bellum Catilinae* ademais dunha gran obra perdida da que só temos fragmentos, as *Historiae*.

Será xa no novo réxime de Augusto cando **Tito Livio** (59 a C.-17 d C.) leve a cabo a súa magna obra.

Naceu en Padua e xa adulto dirixiuse a Roma para completar a súa formación. A pesar de que o seu sentimento é republicano, reconece o empeño de Augusto en recuperar as costumes e valores dos antepasados.

Ten conciencia clara de querer dedicar a súa vida á creación literaria e acomete a inxente empresa de escribir a historia de Roma dende a súa fundación ata os seus tempos, *Ab urbe condita*. O seu propósito é didáctico: quere mostrar os motivos que levaron a

Roma a ser unha gran potencia e como o seu declive moral desembocou nos terribles acontecementos do s. I a. de C. Coincide con Cicerón en que a Historia é *magistra vitae*. Consulta fontes de diversa índole e non dubida en acomodar os datos á súa propia concepción de Roma. O feito de non ter experiencia militar nin política fixo que se lle criticase a forma de tratar estes temas; en cambio o interese que lle suscitaba o comportamento humano proporcionáanos retratos e discursos de gran calidade.

A obra constaba de 142 libros que foi publicando por entregas acadando gran popularidade. Tal extensión propiciou que se elaboraran resúmenes que facilitarán a súa lectura. Soamente sobreviven 35 libros dos orixinais, que nos dan a oportunidade de apreciar unha prosa clara e ordenada alabada or escritores da envergadura de Tácito e Quintiliano.

## 2. Horacio como poeta lírico

Quinto Horacio Flaco (65-8 a.C) naceu en Venusia nunha familia de libertos. O seu pai encargábase do cobro dos impostos nas poboxas, e a pesares de chegar a posuír algunhas propiedades, non deixou nunca de lado o estilo de vida humilde ao que pertencía. Isto tivo unha gran transcendencia na vida e obra de Horacio, que fixo da contención en todos os ámbitos unha marca distintiva.

O seu pai tomou moi en serio a súa educación e trasladouse primeiro a Roma, onde recibiu clases dos mellores mestres, e posteriormente a Atenas, para profundar no estudio da filosofía. Alí sorprendeuno no 44 a. de C. o asasinato de Cesar e tomou partido no enfrontamento posterior polo bando republicano de Bruto, que resultou finalmente derrotado.

Marcado politicamente retornou a Roma, onde atopou que o desposuírán das propiedades da súa familia. Sen embargo obtivo o perdón do bando vencedor e fíxose cun emprego como funcionario do estado que lle aseguraba a supervivencia. Neste tempo entregouse á creación literaria, chamando a atención de Virxilio que o introduce no círculo de Mecenas, quen será ata a súa morte benefactor e amigo.

Cultivou a Sátira e a Epístola, e como poeta lírico publicou os *Epodos* e as *Odas* que nos ofrecen algúns dos tópicos máis amplamente utilizados na literatura elaborados dunha maneira maxistral:

-Os *Epodos* son 17 poemas primeirizos compostos a imitación de Arquíloco. O metro utilizado é fundamentalmente o Iambo e tratan de diversos temas: os conflitos políticos e sociais, ataques persoais, o amor, os sentimentos que o asaltan cando se enfrontan Octavio e Marco Antonio..., cun ton enérxico que se corresponde tanto con este tipo de poemas como coa idade do autor e a situación pola que atravesaba Roma. Destaca entre eles o seu célebre canto aos praceres

da vida apracible no campo, o *Beatus ille*, que tan profunda influencia exerceu na tradición literaria ata os nosos días.

-As *Odas*, escritas do 30 ao 20 a. de C., son 103 composicións que toman como modelos aos poetas Alceo e Safo. Son poemas de maior madurez e dunha gran perfección formal considerados por el mesmo como o cumio da súa arte poética. Os temas son moi variados: a experiencia amorosa, a patria, a amizade, o paso do tempo, a súa propia conciencia de poeta... A diferenza dos anteriores, o ton é máis sosegado porque tamén o é a vida do poeta e a situación da propia Roma. Aínda así asoma unha continua inquedaanza existencial que se move entre unha concepción epicúrea da vida reflectida no célebre *carpe diem*, e a gabanza dunha vida austera e mesurada, a famosa *aurea mediocritas*.

## CUESTIÓNS DO MUNDO CLÁSICO

1.- *Completa cada frase cunha das locucións seguintes:*

O xefe dos ladróns deu un **ultimatum** á policía / El jefe de los ladrones dio un **ultimatum** a la policía.

A renda **per capita** diminuíu nos últimos anos / La renta **per capita** ha disminuido en los últimos años.

A decisión do consello da empresa foi tomada **in extremis** / La decisión del consejo de la empresa fue tomada **in extremis**.

2.- *Explica moi brevemente que son os seguintes lugares e monumentos da Gallaecia romana.*

A) Torre de Hércules

A **Torre de Hércules** é o faro máis antigo do mundo en funcionamento. Atópase situado na península da cidade de A Coruña. A súa altura total é de 68 m. A Torre de Hércules foi construída como faro polos romanos, posiblemente a finais do século I e comezos do II. Do seu primitivo aspecto conservamos o interior revestido por un recubrimento arquitectónico realizado a finais do século XVIII.

B) As Médulas

O que hoxe coñecemos como As Medulas é un entorno paisaxístico formado polos restos dunha antiga explotación mineira de ouro de época dos romanos. Sitúase na comarca do Bierzo (provincia de León), na marxe esquerda do Sil e a uns 6 quilómetros do seu leito. Este lugar, onde se acumularon aluviós cun espesor entre 100 e 170 metros, permitiu aos romanos a montaxe da maior explotación aurífera do imperio. Seguramente empezaron a traballar na zona na época do emperador Augusto.

C) Termas de Lugo

As Termas de Lugo eran baños públicos con estancias reservadas para actividades ximnásticas e lúdicas. Están situadas a uns oitocentos metros

## Exemplos de resposta / Solucións

da cidade, na beira do Miño, no interior do actual Balneario. Probablemente foron construídas na época altoimperial (s. I-II d. c.). Da súa primitiva estrutura unicamente se conservan dúas salas abovedadas provistas de cavidades nas paredes correspondentes a *apoditheria* (vestiarios) e restos dunha terceira de máis difícil identificación. Nacen augas cálidas e sulfurosas polo que non foron necesarias instalacións especiais para a construción de *caldaria* e, por outra parte, fontes situadas a máis altura que as termas puideron ter subministrado auga abundante para o funcionamento dos *frigidaria*.

3.- *Subliña o prefixo latino e di que expresa nas seguintes palabra: **submarino, retrotraer, semivacío.***

3.1.- **Submarino:** Que se atopa ou se efectúa baixo a superficie do mar (sub-, debaixo de)/ Que está o se efectúa baixo la superficie del mar (sub-, debajo de).

3.2.- **Retrotraer:** Simular que unha cousa sucedeu nun tempo anterior a aquel no que realmente ocorreu (retro-, cara atrás) / Fingir que algo sucedió en un tiempo anterior a aquel en que realmente ocorreu (retro-, hacia atrás).

3.3.- **Semivacío:** ‘Medio’ ou ‘case’ vacío (semi-, medio ou case)/ ‘Medio’ o ‘casi’ vacío (semi-, medio o casi).

4.- *Explica o significado de tres destes topónimos de orixe vexetal: **Filgueira, Ortigueira, Xestoso, Reboredo, Louredo, Nogueira.***

4.1.- **Filgueira:** “FILICARIAM”, de “FILICEM”, fento ou feito. Terreo con abundancia de fentos / de “FILICARIAM”, de “FILICEM”, helecho. Terreno con abundancia de helechos.

4.2.- **Ortigueira:** “URTICARIAM” de “URTICAM”. Lugar onde abundan as ortigas / “URTICARIAM” de “URTICAM”. Lugar donde abundan las ortigas.

4.3.- **Xestoso:** “GENESTAM” por “GENISTAM”. Lugar onde hai xestas / “GENESTA” por “GENISTA”. Lugar donde hay hiniestas (retamas).

4.4.- **Reboredo:** “REBORETUM”. Lugar onde abonda o carballo (QUERCUS ROBUR) / “REBORETUM”. Lugar donde abunda el roble (QUERCUS ROBUR).

4.5.- **Louredo:** “LAURETUM”. Lugar onde hai loureiro (LAURUS) / “LAURETUM”. Lugar onde hay laurel (LAURUS).

4.6.- **Nogueira:** “NUCARIAM”. Lugar onde hai nogueiras (NUX, NUCIS: noz) / “NUCARIAM”: lugar donde hay nogales (NUX, NUCIS: nuez).